

NOME:

CURSO:

1. - SOPHIE sempre reivindicou a falta de mulleres no mundo da produción musical. Coñeces algunha? Por qué cres que hai menos mulleres neste sector?

2. - Brigitte Baptiste é unha das moitas defensoras da ecoloxía queer. Investiga: Que é? Cal é a súa finalidade?

Brigitte tamén defende que:

“ A verdadeira revolución ambiental comeza empoderando aos de abaixo. ”

A que cres que se refire?

3. - Investiga: Qué significa o teu nome? Ten algún significado especial para ti?

Reflexionade en grupo: Poñede en común e comparade os significados dos vosos nomes na clase. Haberá masculinos, femininos, e pode que neutros. Atopades diferencias entre os seus significados?

4. - Elixide algún destes temas para **debatir, reflexionar e investigar** na clase:

Cada tema vai acompañado con cuestións para darvos ideas de por onde empezar, pero podedes ir máis alá!

A - Ideoloxías

Qué é unha ideoloxía? Entraría o cisheteropatriarcado nesta definición? E o feminismo? Crees que as ideoloxías poden cambiar e mellorarse? A parte das citadas anteriormente, que ideoloxías, xa sexan pasadas ou actuais, poden estar influíndo na nosa cultura e na nosa forma de ver o mundo? Que cousas negativas e/ou positivas aportan? Que cambios se poderían facer e con que fin?

B - Referentes

Abril valora o seu papel como referente para pais e nais de rapazada “trans”, que ven nela un futuro positivo para as súas crianzas. A nivel personal, tes algún referente ou votas en falta ver algunha persoa que se pareza a ti nalgún sector que che guste? Qué efecto ten que haxa referentes? Pode ser importante? Crees que pode haber referentes bos e malos? Explica por qué.

C - Xénero e Dereitos humanos

En certos países, colectivos minoritarios, entre os cales se inclúen as mulleres, teñen máis dificultade para que se lles garantan dereitos humanos. Ai é de Xapón, onde ate fai uns meses mulleres/homes/persoas trans estaban obrigadas a castrarse para cambiar o sexo rexistral. Que se consideran dereitos humanos? Que países coñeces que os incumplan? Hai algunha lei en España que exista ou existira ate fai pouco que fora en contra deles? Cómo afectaban ás mulleres? Cómo afectaban aos homes? Había mulleres ás que lles afectara máis que a outras?